



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### RESOLUCION DA ALCALDIA

**Asunto: DECRETO SERVIZOS ESENCIAIS DURANTE A FOLGA DE AXUDA A DOMICILIO**

**Expte.Núm.2025/S001/000190**

### ANTECEDENTES

Vista a convocatoria de folga do SAF convocada para este mércores 13 de agosto.

Visto o informe de alcaldía do día 08/08/2025 relativo aos servizos mínimos imprescindibles para garantir a atención das situacións de urxencia e cobertura de casos de dependencia.

O dereito á folga, é un dereito fundamental, de xeito tal que a limitación ou restrición do mesmo ha de vir determinada por unha estrita observancia do principio de proporcionalidade, de xeito que o establecemento dos servizos mínimos permita o exercicio do dereito sen ao mesmo tempo supoñer un menoscabo desproporcionado dun servizo público de carácter esencial, e que, como é presente caso, presenta tamén un carácter especialmente sensible, tanto polas necesidades dos usuarios, como polos servizos a prestar. O Servizo de Axuda no Fogar está considerado como un servizo esencial para a comunidade dado que facilita o desenvolvemento das actividades básicas da vida diaria a aquelas persoas con limitacións de autonomía persoal, fomentando a súa permanencia no entorno, evitando situacións de desarraigo. Tal e como se desprende da xurisprudencia da mesma débese extraer que a limitación que supón para o exercicio do dereito de folga o aseguramento da prestación de servizos esenciais municipais, fai necesario e imprescindible establecer unha ponderación entre os intereses en xogo. Para iso, o aseguramento actuará como garantía que deriva dunha necesaria coordinación dos dereitos contrapostos, entendendo que o dereito dos e das folguistas deberá limitarse-ceder, en palabras do Tribunal Constitucional-; cando o exercicio de defensa dos seus intereses, a través da folga ocasione ou poida ocasionar un mal máis grave ao destinatario/a ou titular do dereito á prestación do servizo esencial.

Os dereitos constitucionais á vida, á integridade física e moral, e á protección da saúde, contemplados nos artigo 15 e 43.1 da Constitución, cuxa garantía compete aos poderes públicos a través das medias preventivas e de aseguramento da prestación dos servizos necesarios non poden quedar sen a debida protección fronte ao llexítimo exercicio do dereito de folga; protección esta, por outra parte, que en modo algún pode chegar a baleirar de contido o dereito de folga, dado o carácter restritivo que debe presidir o seu establecemento a teor da doutrina sentada polo Tribunal Constitucional.

A pesares de tratarse dun dereito fundamental e da importancia de precisar os límites ao mesmo, o lexislador no Real Decreto Lei 17/1977, do 4 de marzo, de relacións de traballo non ofrece unha definición do que debe entenderse por servizo esencial, creando, como en tantas outras ocasións, un concepto xurídico indeterminado.

Non obstante, e tendo en conta que a fixación de servizos mínimos en caso de folga respecto das traballadoras e dos traballadores dos servizos de axuda no fogar, é unha cuestión sobre a que xa tiveron ocasión de pronunciarse os tribunais de xustiza e entre eles o propio Tribunal Supremo, parece conveniente como fundamento para a adopción da decisión traer a colación cales das prestacións que integran este servizo se considera que deben en todo caso seguir prestándose a fin de, sen impedir o exercicio de folga, garantir a continuidade dun servizo que afecta a necesidade especialmente sensibles. Deste xeito, poden tomarse como orientación pola súa claridade a sentenza 207/2022 da Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Bilbao así como o Auto da Sala do Contencioso; Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Castela A Mancha de 29 de abril de 2022, nas que se precisa cales son as prestacións que se entende que deben integrar os servizos mínimos por constituír a base que asegure o respecto tamén ao núcleo esencial dos dereitos á vida e integridade física e moral dos usuarios do servizo.

En base ao anterior, e en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente

### RESOLVO

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

**Primeiro.-** Entender por servizos mínimos os servizos necesarios para o mantemento das funcións sociais básicas, persoais, de saúde, seguridade e de benestar social dos cidadáns. En todo caso, debe quedar garantido o cumprimento das atención e tarefas contempladas como servizos mínimos.

**Segundo.-** Acordar como servizos mínimos durante a vixencia da “Folga no Servizo de Axuda no Fogar, o 13 de agosto de 2025”; no termo municipal do Concello de Laxe, aqueles que se presten e desenvolvan, segundo o proxecto de intervención, dedicadas á atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, no tempo necesario, para todas aquelas persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Laxe.

**Terceiro.-** En todo caso, debe quedar garantido o aseo persoal, alimentación e medicación así como as tarefas vitais recollidas no proxecto de intervención das persoas que aparecen recollidas no informe de alcaldía do día 08/08/2025 que se consideran imprescindibles para garantir a atención de urxencia e a cobertura de casos de dependencia.

**Cuarto.-** En ningún caso, se poderán ver modificados os horarios para a prestación adecuada do servizo. En consecuencia, corresponde ao persoal técnico responsable da coordinación do Servizo de Axuda no Fogar da empresa adxudicataria, a súa organización, e ao persoal auxiliar o seu desenvolvemento conforme ás indicacións facilitadas polos profesionais anteriores.

**Quinto.-** Unha vez finalizado o período de folga, a empresa adxudicataria do Servizo de Axuda no Fogar, deberá remitir, na maior brevidade posible, o número de horas e servizos prestado así como os non prestados.

**Sexto.-** Trasladar á empresa adxudicataria do servizo.

**Sétimo.-** Publicar na sede electrónica para o seu xeral coñecemento.

Mándao e asíno en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, do que eu como secretaria accidental dou fe

O alcalde

Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora accidental

Emilia Alborés Lema